*PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS*

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

D./Dna XESUS MARIA RODRIGUEZ CASTRO, con DI 34255025A e enderezo na
rua FERMIN MOSQUERA 4 1º A, concello de CALDAS DE REIS, CP 36650; con
teléfono 617988434 e correo electrónico xesrocastro@gmail.com, na súa calidade de
membro da Comisión Promotora da Iniciativa Legislativa Popular para a protección
e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte
e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Reúne a condición de eleitor/a consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En Caldas de Reis, a 9 de outubro de 2017.

Asinado, Xesús Rodríguez Castro

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA


D./Dña LATILLO RODRÍGUEZ AREAL, con DI 36023872F e
endereço na rúa/lugar de SAN MARTIÑO, 16- BARRERAS concello de
GENDESIMAR, CP 36372; con teléfono 636651910 e correo
electrónico latillo.berrean@gmail.com, na súa calidade de membro da Comisión Promotora
da Iniciativa Legislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque
autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Reúne a condición de eleitor/a consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En Barreras, a 06 de setembro de 2017.

Asinado,



SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA


D./Dña XOSE ALFREDO PEREIRA MARTINEZ, con DI 3601849V e
endereço na rúa/lugar de CUTEIRO Nº 25, concello de
BAIONA, CP 36393; con teléfono 649134135 e correo
electrónico xperandac@xpa.r. com, na súa calidade de membro da Comisión Promotora
da Iniciativa Legislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque
autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Reúne a condición de eleitor/a consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En Baiona, a 6 de setembro de 2017.

Asinado,



SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

*PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS*

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

D./Dña Benito Andrade González, con DI 35256847D e enderezo na rúa de Eduardo Pondal, 39, 1ºH, concello de Pontevedra, CP 36003; con teléfono 636281252 e correo electrónico benitoandradeg@gmail.com, na súa calidade de membro da Comisión Promotora da Iniciativa Legislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Reúne a condición de eleitor/a consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En Pontevedra, a 16 de outubro de 2017.



Asinado, Benito Andrade González

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

*PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS*

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA


Dna. Virginia Rodríguez Álvarez, con 35567987M e enderezo nom lugar de Ramil 17 (San Martiño), Agolada (Pontevedra), CP 36527; con teléfono 650261283 e correo electrónico viqui@adega.gal, na súa calidade de membro da Comisión Promotora da Iniciativa Legislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Reúne a condición de eleitora consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En Lugo, a 10 de outubro de 2017.

Asinado,



SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

*PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS*

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA


Dna. Adela Clorinda Figueroa Panisse, con DI 33793673A e enderezo na Rúa Conde Pallares, Lugo, CP 27001; con teléfono 686701344 e correo electrónico a.figueroapanisse@gmail.com, na súa calidade de membro da Comisión Promotora da Iniciativa Legislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Reúne a condición de eleitora consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En Lugo, a 9 de outubro de 2017.

Asinado,



SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

D./Dña CLAUDIO QUINTILLAN VALLÉS, con DNI JS.997717A e
endereço na rúa/lugar de VAREIRA N.º 9 - COM. VAREIRA, concello de
POIO, CP 36.993; con teléfono 679222474 e correo
electrónico caudillo@caudillo.com na súa calidade de membro da Comisión Promotora
da Iniciativa Lexislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque
autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Reúne a condición de eleitor/a consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En ZUMARELLA, a 10 de novembro de 2017.

Asinado,



SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

*PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS*

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA


D./Dña Manuel Dacal Vázquez, con DI 34915043P e enderezo na rúa Santiago de los Caballeros, 10, concello de Santiago de Compostela, CP 15704; con teléfono 636 54 98 53 e correo electrónico frugagaliza@gmail.com, na súa calidade de membro da Comisión Promotora da Iniciativa Legislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Reúne a condición de eleitor/a consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En Santiago de Compostela, a 5 de outubro de 2017.

Asinado, Manuel Dacal Vázquez



SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA


D./Dña Paulo Sierra Carril Vázquez, con DI 32839866 Q e
endereço na rúa/lugar de Xunqueira, 26 - Colóns de Soaquina concello de
TOCADO, CP _____; con teléfono 616415111 e correo
electrónico paulocarri@ccgpp na súa calidade de membro da Comisión Promotora
da Iniciativa Lexislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque
autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Reúne a condición de eleitor/a consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En Lugo, a 10 de octubre de 2017.

Asinado,



SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

*PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS*

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA


D./Dna Cosme Damián Romay Cousido, con DI 35470309-P e enderezo na rúa/lugar de Antón Vilar Ponte, 6, 3ºct, concello de A Coruña, CP 15005, con teléfono 627026911 e correo electrónico cdromai@gmail.com, na súa calidade de membro da Comisión Promotora da Iniciativa Legislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Reúne a condición de eleitor/a consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En A Coruña, a 5 de outubro de 2017.

Asinado,



SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

D./Dña Tania Mª Gómez Mourelle con DI 33297043N e enderezo na rúa de Restollal, 15-3C concello de Santiago de Compostela CP 15702 con teléfono 646725356 e correo electrónico tania@kunterbunt.es, na súa calidade de membro da Comisión Promotora da Iniciativa Legislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Réúne a condición de eleitor/a consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En Compostela a 5 de outubro de 2017.

Asinado,



SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

*PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS*

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

D./Dña Fins Iago Eirexas Santamaría, con DI 52454551S e enderezo na rúa/lugar de Rúa Lapido 10, concello de Pobra do Caramiñal (A Coruña), CP 15940; con teléfono 661993406 e correo electrónico fins@adega.gal, na súa calidade de membro da Comisión Promotora da Iniciativa Lexislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Reúne a condición de eleitor/a consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En Compostela, a 17 de outubro de 2017.

Asinado,



SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

*PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS*

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

D./Dn Xosé Manuel Casal Sabín, con DI 32659261-E e enderezo na rúa/lugar de San Roque nº16 2º F, concello de A Pobra do Caramiñal, CP 15940; con teléfono 698167003 e correo electrónico xmanuelcasal@gmail.com, na súa calidade de membro da Comisión Promotora da Iniciativa Lexislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Réúne a condición de eleitor/a consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En A Pobra do Caramiñal, a 11 de outubro de 2017.

Asinado,



Xosé Manuel Casal Sabín

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

*PROPOSICIÓN DE LEI POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR PARA A PROTECCIÓN E
MELLORA DOS HÁBITATS DE BOSQUE AUTÓCTONO, A RACIONALIZACIÓN DA XESTIÓN DO
MONTE E A LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS*

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA


D./Dña Antonio M. Costa Iglesias, con DI 29687439M e enderezo na rúa/lugar de Alameda, 8 4ª, concello de _Pontevedra, CP 36001; con teléfono 629854271 e correo electrónico antocostal@yahoo.es , na súa calidade de membro da Comisión Promotora da Iniciativa Legislativa Popular para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais,

DECLARA BAIXO XURAMENTO que:

1. Reúne a condición de eleitor/a consonte ao artigo 1 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.
2. Non é deputado/a no parlamento de Galicia nin está incurso/a en calquera das causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia para os efectos establecidos no artigo 5.2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

En Pontevedra, a 18 de outubro de 2017.

Asinado,



SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 20.11.2018

Hora: 10:00

Orde do día

- 2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (doc. núm. 32947, 10/PPL-000026)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

32947(10/PPL-000026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia

Publicación da iniciativa, 331, 04.07.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2018 10:32
Nº Rexistro: 32947
Data envío: 29/06/2018 10:32:20.465

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cunha gran cantidade de portos e instalacións portuarias, e ten a densidade portuaria máis alta da península ibérica, que fan que o sector portuario galego sexa un sector estratéxico cun gran potencial e que até agora, desde que en 1981 o Estatuto contemplara a competencia exclusiva no sector e deixando a un lado de maneira aberrante aos portos de interese xeral, non foi aproveitada.

A pesares destas características, o sistema portuario galego non foi regulado por unha lei específica ate que o ano pasado aprobouse a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza. Despois de terse feito agardar tantos anos, resultou decepcionante, pois non respondeu nin as expectativas nin as necesidades deste sector estratéxico, e ademais estase a demostrar prexudicial para o futuro do sector portuario galego.

A lei ten un contido fortemente privatizador dunha actividade económica e produtiva estratéxica. No mesmo chégase a afirmar literalmente, sen rubor, que a actividade pública se poría en marcha “sempre que sexa preciso para atender posibles deficiencias da iniciativa privada”. Non corríxe, e mesmo acentúa, as tensións privatizadoras a que está sometido o sector.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2018 10:32
Nº Rexistro: 32947

Data envío: 29/06/2018 10:32:20.465

Deste xeito, esta lei ten un claro afán recadatorio e realizouse de costas ás entidades locais. Son moitos os concellos que na actualidade están a expresar o seu malestar polas abusivas tarifas que Portos de Galiza está a cobrar pola realización de actividades no espazo público portuario, que, ao cabo e na maioría dos casos é un espazo totalmente integrado no espazo urbano do concello e son as propias entidades locais as que se encargan do mantemento do espazo, da recollida do lixo, etc. Neses espazos realízanse múltiples actividades plenamente inseridas na dinámica social local, como festas, eventos deportivos ou mercados que deben pagar unhas abusivas taxas a Portos de Galiza para poder realizarse.

A meirande parte delas realízanse en espazos urbanos que, a pesares de estar baixo a xestión de Portos de Galiza, nada teñen que ver coa actividade portuaria. Así, existen espazos como alamedas ou paseos plenamente integrados no entramado urbano local, e que, principalmente debido a recheos, forman parte de Portos de Galiza sen que exista unha razón obxectiva para que así sexa.

Por último a citada lei contempla un abusivo réxime sancionador que cremos necesario modificar, en especial no referido ao baño e a pesca, actividades que deberían quedar eximidas do citado réxime sancionador.

Esta proposición de lei consta dun artigo único, que modifica a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, dividido en catro apartados.

O apartado Un contempla a creación dun “Órgano de Coordinación Portuario Municipal” encargado de articular as relación entre a Administración portuaria e as administracións municipais.

O apartado Dous exclúe á pesca deportiva da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da zona I.

O apartado Tres contempla a non aplicación ás entidades locais e sen ánimo de lucro do contido na Sección 2ª do Capítulo II do Título III, de xeito que as autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais non teñan que seguir ese procedemento.

O apartado Catro modifica o réxime sancionador de xeito que as actividades de baño e pesca deixan de considerarse unha infracción.

O apartado Cinco introduce unha nova disposición adicional na cal se establece un procedemento mediante o cal os espazos urbanos que mesmo pertencendo a Portos de Galiza estean plenamente integrados na trama urbana municipal, serán transferidos aos Concellos se así o solicitan.

Por último contéplase unha proposición derradeira que establece a entrada en vigor desta Lei.

Artigo único. Modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza.

Un. Crease un novo Capítulo I Bis, que terá un único artigo 27 bis, co seguinte texto:

CAPÍTULO I. Bis. Órgano de Coordinación Portuario Municipal.

Artigo 27 bis. Creación do Órgano de Coordinación Portuario Municipal.

Créase o Órgano de Coordinación Portuario Municipal como instrumento de participación institucional e social en materia de portos, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza. O órgano será o encargado de articular as relacións entre a administración portuaria e as administracións municipais cuxos municipios dispoñan de porto, mediante a toma de decisións conxunta nas materias que resulten de relevancia para ambas administracións.

Reglamentariamente determinarase a súa composición e as materias que serán obxecto da toma de decisións por parte deste órgano.

Dous. O apartado 5 do artigo 56 queda redactado da seguinte maneira.

5. Salvo que medie a autorización prevista no artigo 30.b), queda prohibido o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da zona I, non estando incluída nesta consideración a pesca deportiva.

Tres. Créase un novo artigo, o 65 bis.

Artigo 65 bis. Non aplicación desta sección.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2018 10:32
Nº Rexistro: 32947
Data envío: 29/06/2018 10:32:20.465

Ás autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais, non lles será de aplicación o contido nesta sección.

Catro. Suprímese a letra v) do artigo 131.

Cinco. Crease unha nova disposición adicional, coa seguinte redacción.

Disposición adicional oitava

No prazo de seis meses dende a aprobación desta lei, levarase a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza -previa solicitude do concello interesado- co obxecto de transferir a titularidade aos Concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario.

Disposición derradeira primeira. Entrada en vigor

A presente Lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no diario oficial de Galiza



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2018 10:32
Nº Rexistro: 32947
Data envío: 29/06/2018 10:32:20.465

**ANTECEDENTES LEGISLATIVOS DA PROPOSICION DE LEI DE
MODIFICACIÓN DA LEI 6/2017, DO 12 DE DECEMBRO, DE PORTOS DE
GALIZA.**

Lei 6/2017, do 12 de Decembro, de Portos de Galiza.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/06/2018 10:31:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/06/2018 10:31:48



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/06/2018 10:32
Nº Rexistro: 32947
Data envío: 29/06/2018 10:32:20.465

Olalla Rodil Fernández na data 29/06/2018 10:31:49

Noa Presas Bergantiños na data 29/06/2018 10:31:51

Xosé Luis Bará Torres na data 29/06/2018 10:31:52

Ana Pontón Mondelo na data 29/06/2018 10:31:59

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 40031(10/MOC-000112)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda. (Moción, a consecuencia da interpelación nº 35115, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018)

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 35115 (10/INT-001170)** debatida na sesión plenaria do 7 de novembro, sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida.

MOCIÓN:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que:

- Incremente substancialmente o parque público de vivenda en aluguer, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda de promoción pública en alugueiro, incluíndo a rehabilitación das vivendas do IGVS que se atopan en mal estado e o desenvolvemento das posibilidades de incorporar ao patrimonio público de edificios e vivendas xa construídas de titularidade privada.
- Estableza un sistema de adxudicación de vivenda de promoción pública máis áxil e xusto, axustando a criterios obxectivos de necesidade e modificando con eses obxectivos os Decretos 253/2007 de Réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o decreto 1/2010, polo que se regula o Rexistro único de demandantes de vivenda de Galiza.

- Modifique a Lei 2/2016 do solo de Galiza co obxectivo de fixar no 30% a porcentaxe mínima de reserva de solo para vivenda con algún tipo de réxime de protección pública, eliminando as excepcións contempladas no artigo 42.9.
- Demande do Goberno do Estado a cesión das vivendas propiedade da SAREB en Galiza , nas zonas onde sexan necesarias para atender as necesidades de vivenda, para que se incorporen a dito Parque público de aluguer, que será xestionado polo IGVS e, no seu caso, polos concellos respectivos mediante o oportuno convenio.
- Incremente os orzamentos para as políticas de acceso á vivenda ata o 0,5% do PIB galego, e a mellorar os niveis de execución orzamentarios das partidas correspondentes á función de Vivenda.
- Estenda o censo de Vivendas Baleiras a todos os concellos, con independencia da súa poboación. Intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.
- Esixa ao Goberno español a aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o art. 72 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada, que permita a imposición efectiva de recargos no IBI naqueles concellos que así o acorden.
- Demande do Goberno español a modificación da Lei de Arrendamentos Urbanos que mellore a estabilidade dos contratos, limite o incremento dos prezos entre contrato e contrato, e limite as fianzas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 13:51
Nº Rexistro: 40031
Data envío: 09/11/2018 13:51:31.039



- Desenvolva un novo programa para prevención dos desafiuzamentos que sexa eficaz, que incremente a coordinación e conexión co sector do traballo social e, en última instancia que garanta o realoxo.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/11/2018 13:50:28

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 40050(10/MOC-000113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá. (Moción, a consecuencia da interpelación nº 38782, publicada no BOPG nº 375, do 24.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.11.2018)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 6 e 7 de novembro de 2018, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa Rede galega de atención temperá (10/INT-001283, doc. núm. 38782)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver e poñer en marcha, en colaboración coa Fegamp e coa AGAT, un plan de consolidación e extensión da Rede de atención temperá, accesible, próxima e gratuíta, que garanta a cobertura do 5 % da poboación infantil en 2020, así como un sistema estable de financiamento con fondos propios, que proporcione ás equipas a seguridade que precisa a súa actuación, e que valore a actividade profesional acorde co nivel de formación esixido, para elo:
 - 1.1 Incrementarase de maneira urxente a dotación orzamentaria da rede galega de atención temperá, co obxectivo de chegar ao final da X lexislatura aos oito millóns de euros anuais de investimento.
 - 1.2 Desenvolverase o Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, no referido a acreditación dos servizos e as súas dimensións, de tal maneira que en base a estándares profesionais contrastados as horas de servizo se calculen en relación á poboación diana que se debe protexer, se impidan as listas de agarda, e se regulen os tempos máximos de demora asistencial.
 - 1.3 Poñerase en marcha un software actualizado e profesional de xestión da atención temperá, co fin de reducir os procedementos administrativos, e facilitar a tramitación e concesión desta prestación.
 - 1.4 Restablecerase de maneira inmediata o Plan de formación anual e actualizarase, nun prazo máximo de seis meses, a Axenda de Atención Temperá para 2018-2020 coa participación das entidades interesadas.



1.5 Crearase un organismo administrativo específico, dedicado plenamente ao desenvolvemento, xestión, coordinación e avaliación da Rede galega de atención temperá.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 09/11/2018 14:13:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/11/2018 14:13:59

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4. Proposicións non de lei

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 23492(10/PNP-001703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de sesenta e cinco anos

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

As mulleres de idade avanzada, a miúdo con escasos recursos económicos e dependentes economicamente das súas parellas, atópanse especialmente expostas ao risco de violencia, exercida baixo formas complexas e sutís que levan a invisibilizar o problema. O progresivo envellecemento da poboación e a súa repercusión nas situacións de dependencia funcional e emocional favorecen que as persoas maiores sexan un dos grupos sociais máis susceptibles de sufrir situacións de abuso, malos tratos e/ou violencia. Se as persoas maiores son un colectivo de seu case inexistente no debate mediático, os abundantes casos de violencia machista a partires dos 65 anos quedan socialmente silenciados ante a escaseza de denuncias e moi especialmente de acompañamento, o que fai aínda máis difícil a situación de moitas mulleres que levan décadas sufrindo en silencio.

Segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial das 54.209 denuncias interpostas por malos tratos, só 1.042 (1,9 %) corresponden a mulleres maiores de 65 anos. Pero isto non se debe confundir cunha menor incidencia. A denuncia non é fácil, dependen economicamente do agresor, adoitan estar illadas e con falta de apoio da súa contorna. Ademais, a súa idade dificultalles o refacer as súas vidas libres de violencia.

Os datos marcan que case un 14 % das mulleres asasinadas teñen máis de 65 anos; números que marcan unicamente a punta dun iceberg, que na maioría dos casos son ocultados polas propias vítimas. Dende todos os organismos públicos, debemos chegar máis e mellor a estas mulleres



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

de maior idade que sofren esta violencia silenciada, en illamento e falta de apoios.

Existen numerosas iniciativas que xa se están impulsando no noso país e máis aló das nosas fronteiras como o programa “STOP V.I.E.W (Violence Against Elderly Women). Nesta liña, dende o Grupo Socialista consideramos necesario impulsar programas específicos onde estas mulleres poidan identificar o problema de violencia de xénero que sofren elas ou outras mulleres da súa contorna e apoialas, coñecendo os recursos que están á súa disposición.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar un programa de formación, dotado orzamentariamente, para a detección temperá de violencia machista para os e as auxiliares de axuda a domicilio, de Teleasistencia, así como a outros colectivos profesionais cuxa actividade se desenrole no ámbito dos coidados ás persoas maiores.
2. Desenvolver un programa de formación, dotado orzamentariamente, para a detección temperá de violencia machista para todos os e as profesionais da rede de residencias públicas de maiores de Galicia.
3. Elaborar un programa específico nos centros de maiores e centros de día de Galicia para a detección e intervención ante a violencia machista.

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 16:51
Nº Rexistro: 23492
Data envío: 17/01/2018 16:51:00.474



 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 17/01/2018 16:47:56

María Luisa Pierres López na data 17/01/2018 16:48:01

Julio Torrado Quintela na data 17/01/2018 16:48:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2018 16:48:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 29816(10/PNP-002188)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a exixencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a non discriminación de nenos e nenas mediante o uniforme escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A “Resolución do Parlamento Europeo do 12 de marzo de 2013 sobre a eliminación dos estereotipos de xénero na UE” desagrega numerosas consideracións, peticións e recomendacións en materia de lexislación e para a adopción de medidas específicas en diferentes ámbitos: político, económico, laboral, cultural e social, facendo especial fincapé na esfera educativa e na infancia, ao entender que "os nenos se confrontan a estereotipos de xénero a idades moi temperás" que "inflúen na súa percepción de como deben comportarse homes e mulleres e que teñen repercusións durante toda a súa vida e sobre as súas aspiracións futuras". Así, na devandita resolución insístese “na importancia de promover a igualdade entre mulleres e homes desde unha idade temperá para loitar de maneira eficaz contra os estereotipos” e considera “que deben eliminarse todas as formas directas e indirectas de discriminación por motivos de xénero a fin de garantir o dereito das mulleres á igualdade de trato”.

Os uniformes escolares diferenciados por sexo están a ser obxecto de crítica crecente en diversos estados europeos por considerarse determinantes para manter os estereotipos de xénero na escola. Existe un claro vínculo entre a saia ou o vestido e o estereotipo dunha feminidade tradicional na que resultaría impropia a vestimenta catalogada de "masculina", como son os pantalóns. Desta



forma, a segregación de roles sexuais que comeza co uniforme escolar e coa imposibilidade de que as alumnas poidan escoller e acudir con pantalón á inmensa maioría estes centros educativos durante toda a súa escolarización, desde os 3 ata os 16 ou mesmo os 18 anos.

De feito, no inicio do pasado curso, numerosas institucións escolares públicas do Reino Unido eliminaron a referencia sexuada nos códigos de vestimenta, de forma que se dá liberdade a cada nena e neno á hora de escoller como queren vestirse para acudir ás aulas.

Precisamente a Sentenza do Tribunal Supremo do 19 de abril de 2011 considerou contraria ao principio de non discriminación por razón de sexo, que se contén no artigo 14 da Constitución Española, a práctica habitual na sanidade privada pola cal as auxiliares e enfermeiras se vían obrigadas a vestir un uniforme consistente en cofia, mandil con peto saia e medias, sen posibilidade de elixir a vestimenta sanitaria de pantalón e camisa que empregan os seus equivalentes homes e que si é de uso común na sanidade pública.

A teor desta sentenza, o feito de que a case totalidade dos centros educativos que deciden que o alumnado leve uniforme escolar manteña de forma obrigatoria un código de vestimenta diferenciado por sexo entre alumnas e alumnos podería incorrer en vulneración das garantías constitucionais, ademais de fomentar uns estereotipos de xénero contrarios á igualdade efectiva entre mulleres e homes, tal e como detalla a Resolución do Parlamento Europeo xa citada.

Pero ademais da Constitución Española, a propia lexislación estatal educativa e en materia de igualdade, así como o propio Estatuto Autonomía de Galicia poñen de manifesto diversas premisas legais que deben asegurar a igualdade de trato e non discriminación entre alumnos e alumnas no ámbito educativo. Así, a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación inclúe entre os seus principios e fins o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre



homes e mulleres, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na non discriminación e igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, contemplando así mesmo entre as funcións da inspección educativa o de velar polo cumprimento e aplicación dos principios e valores destinados a fomentar a igualdade real entre homes e mulleres. Pola súa banda, a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, nos seus artigos 23 e 24 indícase respectivamente que “o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros” e que “as Administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.”

Finalmente, o Estatuto de Autonomía de Galicia inclúe que corresponde aos poderes públicos de Galicia “promove-las condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación do tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social”.

No mesmo senso, na lei de igualdade de Galicia, no seu artigo 18 de erradicación de prexuízos nos centros docentes establécese, “non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida”.



Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a implantar e aplicar todas as medidas normativas e regulamentarias pertinentes para que, a partir do seguinte curso escolar 18-19, todos aqueles centros educativos que decidan que o alumnado leve uniforme escolar, non obriguen a un código de vestimenta diferenciado por sexo entre alumnas e alumnos, contemplando en todo caso a opción de que as alumnas poidan elixir acudir ao centro educativo con pantalón.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 20/04/2018 13:54:51

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/04/2018 13:54:58

Luis Villares Naveira na data 20/04/2018 13:55:09

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 30032(10/PNP-002210)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 8 máis

Sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, María Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Miguel Tellado Filgueira e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Nos últimos anos desde o Goberno galego vense apostando con forza por iniciativas encamiñadas a facilitar e facer máis doados e económicos os desprazamentos cotiás dos galegos.

Destaca a posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, un plan social que actualmente está en funcionamento nas áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo e do que xa forman parte 65 concellos que aglutinan máis da metade da poboación de Galicia. E un plan que a Xunta traballa por expandir a aquelas áreas nas que aínda non está implantado, como é o caso de Pontevedra e de Ourense.

Hai unhas semanas o Consello da Xunta autorizaba as prórrogas do Plan de Transporte Metropolitano para o vindeiro ano, 2019, garantindo así a continuidade deste plan social que lle permite aos usuarios descontos no billete de ata o 70%.

Un plan co que a Xunta paga o 80% dos descontos que se aplican nos billetes interurbanos e tamén financia os transbordos co autobús urbano, que son gratuítos para os usuarios; e no que os concellos achegan o 20% restante da bonificación nas

viaxes interurbanas. Este plan supónlle aos usuarios frecuentes uns aforros medios de 600 euros ao ano.

Ademais, en agosto de 2016, o Goberno galego lanzaba unha nova medida no marco do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, neste caso, dirixida aos máis novos das familias: a Tarxeta Xente Nova que, na práctica supón a implantación da gratuidade do transporte metropolitano interurbano para os menores de 19 anos.

Estamos a falar, polo tanto, de importantes aforros para os usuarios. Como se ten dito, aforros medios de 600 euros ao ano para os usuarios frecuentes, que mesmo poden chegar aos 900 euros en caso de que tamén empreguen o bus urbano.

REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 13:33
Nº Rexistro: 38579
Data envío: 11/10/2018 13:33:52.607



3. Considera a Xunta de Galicia que promover un turismo que xera unhas indignas condicións laborais para as traballadoras e positivo para a economía de Galicia?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/10/2018 13:13:16

Luca Chao Pérez na data 11/10/2018 13:13:24

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 40153(10/POPX-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa resposta xudicial e institucional, incluída a da Xunta de Galicia, ao asasinato de 45 mulleres na última década



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 18:26
Nº Rexistro: 40153
Data envío: 12/11/2018 18:26:04.548

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Considera que a resposta xudicial e institucional -incluída a da Xunta de Galiza- sería a mesma se en vez de asasinar a 45 mulleres na última década, foran 45 políticos ou xogadores de fútbol?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 18:09:14

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 40154(10/POPX-000116)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación da política do Goberno galego en materia
de dotación de servizos e equipamentos sanitarios



Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, como avalía a súa política de dotación de servizos e equipamentos sanitarios?

Pazo do Parlamento, 12 de novembro de 2019

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/11/2018 13:59:02

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 40155(10/POPX-000117)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as políticas que vai levar a cabo o Goberno galego para rematar cos condicionantes de xénero na desigualdade económica e garantir os dereitos reprodutivos das mulleres



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 18:29
Nº Rexistro: 40155
Data envío: 12/11/2018 18:29:13.600



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. Presidente, que políticas ten previsto realizar para rematar cos condicionantes de xénero na desigualdade económica e garantir os dereitos reprodutivos das mulleres?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 12/11/2018 18:14:25

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas orais

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 40130(10/PUP-000202)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre o tipo de actuacións ás que se van aplicar os máis de oito millóns de euros correspondentes aos fondos recibidos do Pacto de Estado cotra a Violencia de Xénero para políticas de prevención de violencia de xénero no rural



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno polo trámite da urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola proximidade da data do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero e a necesidade de coñecer as medidas que afrontará o Goberno autonómico para tal fin.

Todos os días do ano deberían ser 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

O Grupo Parlamentario Socialista quere manifestar o seu firme compromiso coas mulleres vítimas desta lacra social que debe ser erradicada. E para iso necesitamos o compromiso individual de todos a cidadanía, homes e mulleres, e o compromiso colectivo de toda a sociedade. Non un só día, senón todos os días do ano. A violencia machista nos interpela a todos e todas e a nosa obriga é combatela con todos os medios, empezando polas administracións, cada unha desde as súas competencias.

Para o Grupo Parlamentario Socialista, garantir unha vida libre de violencia para as mulleres, as súas fillas e fillos, é un obxectivo prioritario. Non seremos unha democracia plena mentres existan mulleres ameazadas e inseguras e mentres algunhas destas mulleres acaben asasinadas.

A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que queremos ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obriga. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e a que as súas vidas non estean en perigo polo feito de ser mulleres.

O combate contra a violencia machista e a atención ás vítimas non poderá avanzar se non se establecen mecanismos de coordinación entre as diferentes administracións con competencias na materia. Todas as institucións teñen que remar xuntas nese obxectivo, por enriba de formulacións políticas e estratexias. E

para que iso sexa posible, hai que dotar as administracións dos recursos económicos e do persoal especializado que se require.

O Congreso e o Senado aprobaron fai un ano as medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cun amplo consenso entre todos os grupos.

Desde xuño de 2018, España conta cun novo Goberno. Un goberno feminista comprometido coa igualdade e empeñado en acabar coa violencia de xénero. Das palabras tense pasado ós feitos. Do inmovilismo á acción e se teñen posto en funcionamento moitas das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Na reunión da Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o pasado 31 de xullo, á que tamén asistiron representantes da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), acordaron por unanimidade os criterios para o reparto dos 100 millóns de euros correspondentes ás comunidades e cidades Autónomas previstos no Pacto de Estado, e se distribuíu o fondo procedente da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero de 9,5 millóns de euros. Do mesmo xeito, aprobáronse os criterios para o reparto dos 20 millóns de euros contemplados para os concellos.

O 3 de agosto aprobouse un real decreto lei que xa foi validado por unanimidade no Congreso dos Deputados, que:

- Devolve as competencias ós concellos na promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, e establece o reparto dos 20 millóns de euros comprometidos no Pacto, que se dobrarán ata 40 millóns no vindeiro ano. Os concellos son unha peza imprescindible nesta batalla, o primeiro recurso, e en ocasións o único, que teñen ó seu alcance as vítimas.
- Modifica a Lei integral contra a violencia de xénero para mellorar a asistencia nos procesos xudiciais e facilitar o acceso ós recursos de asistencia, ó introducir que a acreditación de situacións de violencia poida realizarse a efectos administrativos mediante informe dos servizos sociais ou dos servizos de acollida. Deste xeito se facilita o acceso a dereitos laborais e prestacións da Seguridade Social.
- Modifica o Código Civil para que os menores expostos á violencia de xénero só necesiten o permiso dun proxenitor para recibir atención psicolóxica. Un maltratador non pode ser un bo pai.



Por outro lado, se volveu a poñer en funcionamento o Observatorio de Saúde das Mulleres. Tamén se previron solucións habitacionais para mulleres vítimas de violencia de xénero dentro do Plan estatal de vivenda. E o vindeiro curso escolar contará con materias en valores e dereitos de igualdade.

De igual modo, nestes momentos, estase a tramitar no Congreso dos Deputados a Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista para reformar a Lei orgánica do poder xudicial, co obxectivo de formar ós xuíces e maxistrados en materia de igualdade, así como para aumentar o número de xulgados do penal especializados en violencia machista.

Tamén recentemente, o Congreso dos Deputados ten admitido a trámite a Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista para garantir a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, para avanzar na igualdade efectiva no ámbito empresarial e laboral.

Por outra banda, no avance dos orzamentos para 2019, o Goberno de España comprometeuse a financiar de xeito completo o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Polo que respecta á Xunta de Galicia, dende o Grupo Parlamentario Socialista vén solicitando retiradamente o aumento das partidas de igualdade. Este ano o incremento nas políticas de violencia de xénero, foi froito fundamentalmente da aportación de algo máis de 8 millóns por parte do Estado pola aprobación do Pacto de Estado da Violencia de Xénero, pero no relativo a aportación por fondos da propia Comunidade deixan constancia da falla de intención da Administración autonómica para sumar esforzos ao menos en igual proporción e atallar este grave problema que afecta directamente ás mulleres galegas.

As medidas que se prevén poñer en práctica para o 2019, segundo a memoria orzamentaria presentada, responden en gran medida as recomendacións da propia Ponencia desenrolada na Comisión de Igualdade, sen embargo chama poderosamente a atención como se obvia absolutamente algún tipo de medida ou acción directa no rural galego. Máxime cando do reparto que fixo o Estado de 10 millóns entre todas as comunidades autónomas en función da condición rural, Galicia é a Comunidade que recibe máis fondos, exactamente un 31,5 % do seu total, o que supón practicamente o 40 % do total de 8.027.342,48 €.

O gasto deses fondos recibidos do Estado ten que xustificarse coa posta en práctica de calquera das medidas reflectidas no Pacto de Estado, polo que parece



que un 40 % das mesmas en coherencia cos criterios de adxudicación deberan ir destinadas especialmente á política de prevención da violencia de xénero no rural. Nin un só comentario na memoria de orzamentos ó respecto, nin un só.

En definitiva, consenso, si, pero compromiso político tamén.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que tipo de accións se aplicarán os fondos de máis de oito millóns de euros recibidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero relativos ás políticas de prevención da violencia de xénero no rural?

Pazo do Parlamento, 12 de novembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 12/11/2018 16:48:54

María Dolores Toja Suárez na data 12/11/2018 16:48:59

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/11/2018 16:49:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/11/2018 16:49:11

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 16:50
Nº Rexistro: 40130
Data envío: 12/11/2018 16:50:30.528

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/11/2018 16:49:13

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tí: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 40132(10/PUP-000203)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir as reivindicacións dos traballadores da CRTVG que os levan á folga no mes de novembro de 2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Anxeles Cuña Bóveda, Flora Miranda Pena, Marcos Cal Ogando, Pancho Casal Vidal, Luca Chao Perez, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quintero Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **oral en Pleno, con carácter urxente**, relativa á convocatoria de folga na CRTVG.

Xustificación da Urxencia.

A representación legal dos traballadores da CRTVG ven de convocar unha folga no ente entre os días 20 e 22 do presente mes, cos seguintes obxectivos: Recuperar a produción propia, suprimir a externalización da produción e dos servizos, negociación da dimensión do cadro de persoal para a prestación do servizo público en tódolos centros, garantir o mantemento do emprego, finalizar a contratación mercantil a colaboradores que encobren relacións laborais ordinarias, fin da contratación fraudulenta, fin da represión, erradicación da manipulación informativa, cumprimento da lei de medios, exercicio dos dereitos de conciliación, substitución do persoal acollido ao dereito de conciliación e negociación efectiva do plan de igualdade.

Esta convocatoria é un chanzo máis na defensa que fan os traballadores da CRTVG como servizo público, tras a continua degradación do medio, hoxe



convertido no órgano de expresión política do PPdG e, como anunciou o seu director xeral, co obxectivo de unicamente manter os informativos externalizando todo o demais.

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter Urxente:**

Que vai facer a Xunta de Galicia para garantir as xustas reivindicacións dos traballadores que os levan á folga neste mes de novembro?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 12/11/2018 17:25:05

Paula Vázquez Verao na data 12/11/2018 17:25:15

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/11/2018 17:25:19

Carmen Santos Queiruga na data 12/11/2018 17:25:24

Antón Sánchez García na data 12/11/2018 17:25:30

Eva Solla Fernández na data 12/11/2018 17:25:33

Luca Chao Pérez na data 12/11/2018 17:25:37

Paula Quinteiro Araújo na data 12/11/2018 17:25:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 17:26
Nº Registro: 40132
Data envío: 12/11/2018 17:26:38.972



Flora María Miranda Pena na data 12/11/2018 17:25:43

José Manuel Lago Peñas na data 12/11/2018 17:25:46

Francisco Casal Vidal na data 12/11/2018 17:25:49

David Rodríguez Estévez na data 12/11/2018 17:25:53

Marcos Cal Ogando na data 12/11/2018 17:25:56

Julia Torregrosa Sañudo na data 12/11/2018 17:26:00

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 40096(10/PUP-000200)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da misión especial a China encabezada pola Xunta de Galicia para participar na I Feira Internacional de Importación

Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Moisés Blanco Paradelo, Alberto Pazos Couñago, Isabel Novo Fariña, María Antón Vilasánchez, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada polo interese en que este Parlamento coñeza de primeira man os detalles sobre a recente viaxe a Shaghai que vén de realizar o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, acompañando a unha delegación de catorce empresas galegas do sector agroalimentario para participar na I Feira Internacional de Importación de China.

Galicia foi invitada a asistir a este evento pola multinacional Bright Food co obxectivo de dar a coñecer no país asiático a calidade e a innovación da industria agroalimentaria galega. Alí as empresas participantes na misión comercial encabezada pola Xunta contaron cun espazo de exposición propio onde puideron dar a coñecer os seus produtos nunha das feiras máis importantes no ámbito internacional, pola que pasaron máis de 150.000 visitantes.

Esta é a segunda misión comercial a China na que participa a Administración autonómica desde a que realizou o presidente en xuño do pasado ano e a finalidade desta viaxe é seguir estreitando os lazos comerciais coa segunda economía do mundo. De feito, Galicia é a novena Comunidade autónoma que máis exporta a este país, a onde xa venden de forma regular máis de 140 empresas, un 30% máis que en 2016.

Polo tanto, esta actuación ten unha clara vocación de colaboración na apertura de mercados e oportunidades para o tecido produtivo galego, que nos está a permitir seguir falando en clave de internacionalización. Sirva de exemplo que as exportacións galegas entre xaneiro e agosto deste ano crecen máis do dobre que as exportacións españolas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que avaliación realiza o Goberno galego da misión comercial a China para participar na I Feira Internacional de Importación encabezada pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela 12 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:19
Nº Rexistro: 40096**
Data envío: 12/11/2018 13:19:27.122

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/11/2018 13:16:47

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/11/2018 13:16:56

Moisés Blanco Paradelo na data 12/11/2018 13:17:06

Alberto Pazos Couñago na data 12/11/2018 13:17:14

María Isabel Novo Fariña na data 12/11/2018 13:17:24

Maria Antón Vilasánchez na data 12/11/2018 13:17:45

Marta Novoa Iglesias na data 12/11/2018 13:17:52

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/11/2018 13:17:59

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 40105(10/PUP-000201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación
coa demora na construción das fragatas F-110 da Armada
Española no estaleiro de Navantia en Ferrol



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:35
Nº Rexistro: 40105
Data envío: 12/11/2018 13:35:32.572

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polas últimas novas que aparecen nos medios de comunicación nas que se vén de destapar a responsabilidade do goberno central durante o mandato do PP na demora da construción de fragatas na ría de Ferrol.

Exposición de motivos

O xornal dixital Eldiario.es e seguidamente Praza Pública veñen de destapar publicamente a responsabilidade do goberno central aínda durante o mandato do Partido Popular na demora da construción de fragatas na ría de Ferrol. Máis aínda, as informacións xornalísticas apuntan ao que aparentemente é un caso claro de corrupción e de emprego das portas xiratorias co fin de lucro persoal.

Presuntamente durante a xestión de Cospedal e mais de Pedro Morenés na área de defensa o Ministerio impuxo a implantación dos mísiles Sea Ceptor como prioritaria nas fragatas F-110, previstas para Navantia en Ferrol. Froito desta decisión deliberada, que pretendía favorecer a empresa multinacional MBDA vinculada ao propio Morenés,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:35
Nº Rexistro: 40105
Data envío: 12/11/2018 13:35:32.572

serían precisos traballos de adaptación técnica dos deseños que terían conlevado até dous anos de demora.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego as novas relativas aos atrasos na construción de fragatas no naval ferrolán son de extrema gravidade e supoñen un abuso de poder e unha clara desviación dos principios éticos que deben rexer a xestión dos recursos públicos, ademais de supoñer unha actuación tremendamente lesiva para o naval do noso país.

Así pois, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego despois de coñecerse publicamente que as actuacións do seu partido no Estado teñen posto en risco a actividade do naval en Ferrol?

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/11/2018 13:35
Nº Rexistro: 40105
Data envío: 12/11/2018 13:35:32.572

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/11/2018 13:34:58

María Montserrat Prado Cores na data 12/11/2018 13:35:08

Ana Pontón Mondelo na data 12/11/2018 13:35:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/11/2018 13:35:11

Olalla Rodil Fernández na data 12/11/2018 13:35:12

Xosé Luis Bará Torres na data 12/11/2018 13:35:14

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 36800(10/POP-004348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa baixada
na valoración da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:26
Nº Rexistro: 36800
Data envío: 13/09/2018 18:26:13.351

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á continua baixada na valoración da sanidade pública galega.

Durante os últimos nove anos, o Partido Popular con Núñez Feixóo como Presidente da Xunta á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron no desmantelamento da sanidade pública: Redución de orzamentos, eliminación de máis de 2.000 profesionais, redución de máis de 700 camas nos hospitais públicos, privatización masiva de servizos...

Os colectivos máis vulnerábeis están a sufrir máis cruelmente as consecuencias dos copagamentos e da exclusión de fármacos do catálogo de prestacións farmacéuticas. Os recortes teñen unha gravísima repercusión na prestación dos servizos sanitarios, no deterioro asistencial: fechamento de camas, colapsos de urxencias, sobrecarga laboral dos traballadores, aumento das listas de espera.

As enquisas recollen que a valoración da sanidade cae, indicador do problema que está xerando o modelo sanitario de Feixóo e do PP, consistente en privatizacións, recortes e precarización da sanidade

Desde a posta en marcha das políticas de recortes e privatizacións dos gobernos do Partido Popular desde o ano 2009, a sanidade pública entrou nun grave deterioro, como mostra deste deterioro o informe deste ano realizado pola Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, constata un descenso de tres postos no



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:26
Nº Rexistro: 36800

Data envío: 13/09/2018 18:26:13.351

ranking de servizos sanitarios autonómicos, pasando da categoría de servizo regular (posto 9º) á de servizo deficiente (posto 12º). Segundo o barómetro sanitario o 3,9% d@s galeg@s non recollen medicamentos nas farmacias por non poder pagalos

A isto hai que engadir que o último informe da prestixiosa revista sanitaria The Lancet, publicado en maio de 2018, que valora a calidade e acceso aos sistemas de saúde, na que retrocedemos 11 postos na clasificación internacional de 195 países de todo o mundo, do 8º ao 19ª.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai realizar o Goberno galego diante da continua baixada na valoración da sanidade pública galega?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:26
Nº Rexistro: 36800
Data envío: 13/09/2018 18:26:13.351

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2018 18:22:51

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2018 18:22:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2018 18:22:57

Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2018 18:22:58

Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2018 18:23:00

Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2018 18:23:01

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 37057(10/POP-004372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 4 máis

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a
implantación do servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no
Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo

Publicación da iniciativa, 362, 26.09.2018



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Hai oito anos que o presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Feijoo, prometeu publicamente dotar ao novo Hospital Universitario Lucus Augusti do Servizo de Hemodinámica 24 horas, pero nunca cumpriu coa súa palabra.

Os lucenses tivemos este servizo durante tempo operativo tan só en horario de oficina. Foi ampliado recentemente ás tardes, pero os enfermos que necesitan unha anxioplastia fóra destas horas de 8:00 a 22:00, teñen que ser trasladados a outro centro sanitario cos riscos que iso produce.

A cidadanía lucense ten protestado claramente por esta situación e mesmo neste Parlamento foi admitida a trámite unha iniciativa lexislativa popular (ILP) firmada por máis de 41.000 cidadáns na que se solicitaba, entre outros, este servizo de hemodinámica 24 horas, aínda que esta ILP foi cambiada polos votos do Partido Popular no que foi unha auténtica burla á cidadanía impropia dun goberno democrático.

Pero a pesar de todos os atrancos postos polo goberno do Sr. Feijoo, os lucenses seguen a defender a necesidade de ter este servizo de hemodinámica no HULA porque todas as opinións dos especialistas e os datos clínicos e estatísticos o avalan dende hai moito tempo.

Recentemente, o xefe de CardioloXía do HULA volveu a manifestar publicamente a necesidade de contar con este servizo aberto ás 24 horas, afirmando que o nivel de traballo que teñen coa ampliación ata ás dez da noite, demostra que o número de casos permite manter o nivel de atención da sala. Afirmou tamén que nestes momentos, á sala de hemodinámica atende tan só arredor dos dous terzos dos pacientes de cardiopatías da provincia, deixando fóra en torno a 550 enfermos ao ano. Enfermos que, como indican todas as estatísticas, teñen menos posibilidades de curación ao recibir o tratamento necesario con retraso, como poñen de manifesto os datos coñecidos do Rexistro Galego do infarto agudo de miocardio.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En efecto, os datos deste Rexistro indican que os doentes lucenses tardan 192 minutos, máis de tres horas, dende que se poñen en contacto cos servizos sanitarios ata que se produce a apertura da arteria. Isto significa que os lucenses tarda 82 minutos máis que os composteláns, 58 minutos máis que os coruñeses e 41 máis que os cidadáns de Pontevedra en recibir o tratamento necesario.

Estas diferencias non son baladíes porque toda a literatura especializada afirma que o elemento fundamental para salvar a vida fronte a un infarto e para non ter secuelas graves, é recibir unha angioplastia primaria nun tempo máximo de 120 minutos, pero os lucenses tardan unha hora e vinte minutos máis do límite para recibir este tratamento. E isto explica tamén que na provincia de Lugo a mortalidade por infarto sexa máis elevada que nas provincias de Coruña e Pontevedra.

Para os socialistas é claro que os lucenses non son tratados con equidade nin con igualdade pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. É absolutamente necesario que o presidente da Xunta cumpra dunha vez a súa promesa e poña en marcha o Servizo de Hemodinámica 24 horas no Hospital Universitario Lucus Augusti

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cando vai a implantar a Xunta de Galicia o Servizo de Hemodinámica ás 24 horas no Hospital Universitario Lucus Augusti?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/09/2018 10:35:33

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 19/09/2018 10:35:41

Patricia Otero Rodríguez na data 19/09/2018 10:35:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 10:36
Nº Rexistro: 37057
Data envío: 19/09/2018 10:36:31.036



 [Grupo Parlamentario](#)

Julio Torrado Quintela na data 19/09/2018 10:35:59

Noela Blanco Rodríguez na data 19/09/2018 10:36:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 38820(10/POP-004548)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do
financiamento dun proxecto de residencia pública para persoas
maiores en Boiro

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Vero e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A comarca da Barbanza – concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Rianxo e Ribeira – ten unha poboación de 66.672 habitantes, dos cales 14.375 teñen máis de 65 anos (datos IGE 2017).

A comarca de Muros – concellos de Carnota e Muros – conta con 12.852 habitantes, 4.179 por riba dos 65 anos.

A comarca de Noia – concellos de Lousame, Noia, Outes e Porto do Son – conta con 33.527 habitantes, dos cales 12.852 teñen máis de 65 anos.

En total, as tres comarcas contan cunha poboación maior de 65 anos de 45.781 persoas.

A rateo recomendada pola OMS en canto a prazas residenciais por cada 100 habitantes maiores é do 5%, o que significaría, no conxunto das comarcas, 2.290 prazas residenciais.

No conxunto das comarcas da Barbanza e de Muros e Noia só hai dous centros residenciais da terceira idade propios da Xunta: o da Pobra do Caramiñal, con 48 prazas, xestionado directamente, e o de Ribeira, con 106 prazas, xestionado por Domus VI. A maiores, só hai recursos privados: as vivendas comunitarias para



persoas maiores en Outes e a residencia privada DomusVI de Noia, con 97 prazas financiadas.

Dende a posta en marcha da residencia da Pobra pola Xunta de Galiza en 1986 no Barbanza non aumentou a oferta pública, malia aumentar a poboación maior e a lista de agarda para este servizo.

En marzo de 2017, o Pleno da Corporación Municipal de Boiro aprobou por unanimidade unha moción en apoio á construción na finca do Pazo de Goiáns dunha residencia de persoas maiores.

O Concello de Boiro está a tramitar unha modificación do PXOM na finca pública do Pazo de Goiáns, para permitir a edificabilidade de 22.000 m², coa finalidade de ubicar nestes terreos a futura residencia, emprazamento que permite a ubicación dun servizo destas características con estándares de alta calidade.

O PP de Boiro pretende utilizar este patrimonio municipal para que un suposto “grupo inversor” execute neles un suposto investimento de 12,5 millóns de euros para a construción dun centro de atención á terceira idade con servizos de asistencia, formación e observatorio xerontolóxico, prometendo 200 prazas de residencia para maiores.

O modelo de prazas privadas de residencias de maiores non é asumible pola maioría das persoas do noso País, custando cada unha delas unha media de 1.500€ ao mes.

As persoas xubiladas de Boiro estiveron recollendo sinaturas, acadando máis de 2700 en apenas tres días, o que amosa o gran interese social por este equipamento.



A Xunta de Galiza, con competencias exclusivas en materia de “asistencia social”, entre a cal se atopa o servizo de atención residencial, debe fornecer ás comarcas de Boiro, Muros e Noia de prazas en residencias de maiores en número suficiente.

Polo exposto, presentase a seguinte Pregunta:

- Vai a Xunta achegar financiamento a un proxecto de residencia de maiores pública en Boiro?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 16/10/2018 13:09:43

Luis Villares Naveira na data 16/10/2018 13:09:52

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 39173(10/POP-004589)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de que Galicia conte cun plan estratéxico propio, cara ao vindeiro período da Política Agraria Común, no que se teñan en conta as características do país

Publicación da iniciativa, 378, 31.10.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

En agosto deste ano, a ex-conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, asinou coas organizacións agrarias e cooperativas un documento no que se reflexaba a postura institucional do Goberno cara a reforma da política agraria común (PAC). O documento foi entregado ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que as achegas de Galicia estiveran presentes na posición de España como Estado membro da Unión Europea (UE). No texto reclamábase un único plan estratéxico por Estado para as axudas da PAC, que recollera as singularidades de cada comunidade autónoma. Así, a Xunta fixaba “a postura da Comunidade Autónoma ante a futura Política Agraria Común, ao obxecto de que a mesma garanta a consecución dun sector agrario rexional rendible, sustentable e innovador, que fixe poboación no medio rural”.

No punto primeiro do documento dicíase literalmente “1) A Comisión mantén a proposta de que cada país deseñe un modelo propio de aplicación elaborando un plan estratéxico nacional dando máis capacidade aos estados membros para adaptar a PAC á súa realidade territorial, produtiva e sectorial”.

Máis adiante, engadíase: “Consideramos imprescindible que tal como establece o proxecto de Regulamento haxa un único Plan estratéxico da PAC por Estado membro. (...) O novo regulamento debe establecer criterios uniformes para todos os estados”.

Recentemente, o actual conselleiro de Medio Rural, José González, acudiu ao Consello de Ministros de Agricultura da UE acompañado polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas. No Consello defendeu a posición que se expuxera no documento, polo que, oficialmente, Galicia apostou diante de Europa por un único plan estratéxico por Estado que tivera en conta as singularidades autonómicas, co obxecto de simplificar a tramitación e garantir a igualdade de oportunidades entre os beneficiarios. Isto podería ter sido doutra maneira moi distinta, como demostraron Cataluña e o País Vasco, que optaron por propoñer un plan estratéxico da PAC propio. Esta iniciativa xa a contempla a Comisión Europea, que permite plans estratéxicos rexionais adaptados ás necesidades dos territorios. Non fai falla subliñar que contar cun plan propio para Galicia sería de moito proveito, xa que se adaptaría mellor ás nosas peculiaridades e as nosas necesidades específicas.

Porén, o Goberno da Xunta optou por demandar un único plan estratéxico, na liña do que xa fixera o anterior goberno central, así como o actual. Isto contradí a vontade expresada por Medio Rural de atender ás diferencias e especificidades de cada comunidade.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Non considera o Goberno galego que sería máis axeitado que Galiza conte cun plan estratéxico propio de cara ao vindeiro período da PAC, que tivese en conta as características propias do país?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2018 12:25
Nº Rexistro: 39173
Data envío: 19/10/2018 12:25:36.503

Asdo.: Antón Sánchez García
Davide Rodríguez Estévez
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 19/10/2018 12:20:51

Antón Sánchez García na data 19/10/2018 12:20:57

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 20.11.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 36641(10/POP-004332)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución que presenta nos últimos anos a presenza da muller no sector marítimo-pesqueiro

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O mundo do mar é un sector no que, dende sempre, a muller tivo un papel fundamental e protagonista. As cifras o constatan e non se entendería o mar de Galicia sen as preto de 3.000 mulleres do marisqueo a pé ou as máis de 10.000 mulleres que moven cada día o noso sector conserveiro e conxelador.

Hai máis de vinte e cinco que a Xunta de Galicia comezou a traballar a prol do paso máis importante que se puido dar neste ámbito, que foi o da profesionalización das actividades das mulleres do mar. Principalmente beneficiadas foron mariscadoras e redeiras, pero tamén o foron as empacadoras e comercializadoras.

Somos conscientes da importancia que representa a muller para a Consellería do Mar, que conta cun equipo directivo maioritariamente feminino, que sempre apostou por elas, acadando fitos como o de que as mariscadoras puidesen cotizar para poder obter unha pensión, mentres houbo grupos e entidades que pretenderon que as mariscadoras tiveran unha cotización por horas, o cal nos levaría a ver mariscadoras traballando con 70 anos, para poder alcanzar os 15 anos mínimos necesarios para unha pensión.

En definitiva, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai da evolución nos últimos anos da presenza da muller no sector marítimo-pesqueiro?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 09:31:37

María Ángeles García Míguez na data 13/09/2018 09:31:47

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 09:31:52



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 10:11
Nº Rexistro: 36641
Data envío: 13/09/2018 10:11:30.940

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 09:32:01

Marta Rodriguez Arias na data 13/09/2018 09:32:09

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2018 09:32:18

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2018 09:32:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com